

Buscan 1.000 teléfonos móviles para salvar a selva africana

REDACCIÓN

■ España rexistra preto de 54 millóns de liñas de telefonía móbil, unha cifra que indica que a cantidade de terminais existentes é moi superior ao número de habitantes e que implica unha media de máis dunha liña por persoa. Na maioría dos casos, moitos dos teléfonos móbiles pérdense nos caixóns ao ser substituídos por terminais máis modernos, polo que dende a Oficina de Medio Ambiente da Universidade, xunto con Caixa Galicia e o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (Ceida), atoparon unha nova utilidade para os terminais en desuso mediante a campaña 1000 móbiles pola selva, promovida polo Instituto Jane Goodall.

O obxectivo desta iniciativa, que se desenvolveu durante a pasada semana ao abeiro do festival Vigo Transforma, é recadar 1000 móbiles para a súa reciclaxe e reutilización reducindo a crecente demanda dos seus compoñentes, entre eles o coctán, utilizado en case a totalidade de dispositivos electrónicos e tamén para a industria armamentística, cuxa explotación dáse en maior medida na selva do Congo. Para poder acadar a meta proposta, a campaña 1000 móbiles pola selva estará vixente tamén durante esta semana e porá a disposición dos interesados tres puntos de recollida dos terminais en desuso no centro comercial A Laxe, El Corte Inglés e o Concello. ■